

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**15567** *Real decreto 1336/2011, do 3 de outubro, polo que se regula o contrato territorial como instrumento para promover o desenvolvemento sustentable do medio rural.*

Os contratos territoriais concíbense como un instrumento de apoio ás políticas de desenvolvemento rural sustentable, coa intención de orientar e incentivar as actividades agrarias, entendidas nun sentido o máis amplo posible, cara á multifuncionalidade e a xeración de externalidades positivas que contribúan eficazmente a mellorar os aspectos económicos, sociais e ambientais que configuran a sustentabilidade do medio rural, todo iso baixo a aplicación dun enfoque territorial.

Basicamente preténdese con eles conformar un marco contractual mediante o cal os titulares das explotacións agrarias asuman desenvolver un modelo de actividade agraria que xere externalidades positivas nos ámbitos mencionados, e polo cal, en apreciación do interese público das ditas externalidades, as administracións públicas competentes as compensan, incentivan e retribúen, como forma de recoñecemento pola sociedade dos servizos e prestacións de carácter público que xeran as explotacións agrarias máis alá da retribución derivada da venda no mercado dos seus produtos.

Un reducido número de administracións públicas comezou a utilizar na última década este tipo de contratos, sempre con carácter voluntario para os titulares de explotacións agrarias. Así, no contexto do coñecido como segundo pilar da política agraria común da Unión Europea, o Marco nacional de desenvolvemento rural para o período de programación 2007-2013, aprobado pola Decisión da Comisión (2007) 5937, do 28 de novembro de 2007, prevé que as medidas dos eixes 1 e 2 e as correspondentes ao artigo 53 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), se poidan xestionar a través de contratos territoriais de explotación. Na aplicación dese marco comunitario, algunhas comunidades autónomas incluíron esta fórmula nos seus programas de desenvolvemento rural baixo distintas denominacións, e mesmo o regularon nos seus ordenamentos xurídicos para outros fins. Máis recentemente, outras comunidades autónomas sinalaron a súa vontade de integrar a curto prazo algunhas medidas derivadas dos seus programas de desenvolvemento rural dentro dun marco de xestión con similares características ao do concepto do contrato territorial.

A consideración e caracterización dos contratos territoriais de zona rural como instrumento de articulación dunha política de Estado foi recollida na normativa estatal mediante a Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, cuxo artigo 16 se refire expresamente a esta figura e deixa previsto que os seus requisitos, condicións e efectos se deberán desenvolver regulamentariamente. Adicionalmente, o Real decreto 752/2010, do 4 de xuño, polo que se aproba o primeiro programa de desenvolvemento rural sustentable para o período 2010-2014, en aplicación da Lei 45/2007, do 13 de decembro, xa incluía a aplicación dos contratos territoriais de zona rural dentro da tipoloxía de accións que as comunidades autónomas poden incluír nos seus plans de zona rural, para as zonas rurais e co sistema de financiamento incluídos no primeiro Programa de desenvolvemento rural sustentable aprobado mediante o referido real decreto, pero sen chegar a incluír a regulación regulamentaria requirida pola Lei 45/2007, do 13 de decembro, regulación que se inclúe como capítulo II deste real decreto.

Porén, a gran potencialidade de aplicación do concepto do contrato territorial que, como xa se sinalou, excede a prevista pola Lei 45/2007, do 13 de decembro, para os

contratos territoriais das zonas rurais do primeiro Programa de desenvolvemento rural sustentable, aconsella crear un marco de regulación máis amplo e de carácter máis xeral para a figura do contrato territorial, que se concibe como auténtica medida ou instrumento de política económica xeral para o medio rural español que, con carácter versátil, permita orientar as actividades agrarias desde un punto de vista multifuncional e aproveitar para retribuílas e incentivar as novas posibilidades de financiamento que no sucesivo se presenten. Para iso, dentro do ámbito da competencia estatal en materia de ordenación xeral da economía, considerouse necesario establecer unha norma de carácter básico que vertebre o marco e común denominador das súas finalidades, contidos, condicións e efectos principais, respectando a súa aplicación voluntaria polas comunidades autónomas, así como o pleno exercicio por estas das súas competencias exclusivas en materia agraria, ao ser as comunidades autónomas as que determinan todos os elementos esenciais deses contratos. Así mesmo, tratando de asegurar un mínimo común denominador para contratos territoriais que proceden ou poden proceder de diferentes ámbitos normativos, tanto estatais como da Unión Europea, e ao ser previsible que a súa natureza teña carácter conxuntural e resulte cambiante en función da normativa e do fondo financeiro de orixe, tendo en conta a doutrina do Tribunal Constitucional considerouse adecuado o rango dun real decreto para efectuar a regulación básica considerada.

As explotacións agrícolas e forestais, no marco da normativa aplicable, poden aproveitar por si mesmas os recursos cinexéticos que teñen asociados, ou ben ceder a terceiros a titularidade do seu aproveitamento cinexético mediante calquera título válido en dereito. Sendo este un caso frecuente, e dada a importancia do aproveitamento cinexético no medio rural español, considerouse necesario mencionar expresamente os titulares de terreos cinexéticos como caso particular de posible beneficiario dos contratos territoriais.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de setembro de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais comúns

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular con carácter básico:

- a) Os contratos territoriais que subscriban as administracións públicas cos titulares de explotacións agrarias sinalados no artigo 5 deste real decreto, como instrumento de apoio ao desenvolvemento rural sustentable.
- b) Os contratos territoriais de zona rural que subscriban as administracións públicas competentes cos titulares das explotacións agrarias das zonas rurais incluídas no Programa de desenvolvemento rural sustentable referido no artigo 5 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural.

#### Artigo 2. *Definición e carácter do contrato.*

1. O contrato territorial é un instrumento formal que establece o conxunto de compromisos subscritos entre unha Administración pública e o titular dunha explotación agraria para orientar e incentivar a súa actividade en beneficio dun desenvolvemento sustentable do medio rural.

2. A subscrición dos contratos territoriais regulados por este real decreto ten carácter voluntario, tanto para as comunidades autónomas que opten por poñelos en práctica, como para os titulares das explotacións agrarias.

### Artigo 3. *Finalidades do contrato territorial.*

1. O obxectivo xeral dos contratos territoriais é orientar a actividade das explotacións agrarias á xeración de externalidades positivas que contribúan ao desenvolvemento sustentable do medio rural.

2. Para os efectos deste real decreto, consideraranse «externalidades positivas» os efectos derivados da actividade que se realiza nunha explotación agraria que repercuten favorablemente sobre bens ou fins de carácter público, á marxe do interese ou beneficio que poidan supor para a propia explotación, contribuíndo a mellorar de forma significativa os aspectos económico, social ou ambiental que describen a sustentabilidade do territorio.

3. Pola relevancia das externalidades positivas asociadas, as administracións públicas competentes procurarán orientar os contratos territoriais, entre outras, cara a algunha das seguintes finalidades específicas:

- a) Evitar a despoboación do medio rural.
- b) Implantar unha actividade agraria multifuncional que contribúa, con interese estratéxico para o territorio, á vertebración e ao reforzamento da cadea de produción, transformación e comercialización de bens ou servizos, e que poida repercutir, así mesmo, na mellora da calidade, na consolidación de mercados locais, na formación, na redución de insumos ou na mellora na xestión dos residuos, subprodutos e emisións.
- c) Crear e conservar o emprego no medio rural, reducindo a súa temporalidade e fomentando a súa calidade e seguridade, a igualdade no emprego, a conciliación da vida laboral e familiar, a fixación ao territorio de mulleres e da mocidade e a integración na vida laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión.
- d) Manter sistemas agrarios tradicionais de alto valor natural ou cultural que na conxuntura actual tenden ao abandono.
- e) Conservar e restaurar a calidade ambiental, o solo, a auga, o patrimonio natural e a biodiversidade autóctona silvestre, a diversidade xenética agraria de base territorial, a paisaxe rural e o patrimonio cultural.
- f) Contribuír á consecución dos obxectivos de conservación dos espazos da Rede Natura 2000 ou doutros espazos ou áreas protexidas.
- g) Contribuír á consecución de obxectivos específicos de desenvolvemento rural sustentable expresamente recollidos nos plans de zona rural que desenvolvan o Programa de desenvolvemento rural sustentable, ou nas directrices estratéxicas territoriais de ordenación rural.
- h) Propiciar o recoñecemento pola sociedade das externalidades positivas xeradas polas actividades agrarias.

### Artigo 4. *Tipoloxía e contido dos contratos territoriais.*

1. A criterio da comunidade autónoma, os contratos territoriais poderán ser de carácter individual cando as súas finalidades específicas e os compromisos e contraprestacións aplicables se determinen caso por caso segundo a situación e potencialidades de cada explotación, ou ben establecerse por tipos homoxéneos cando persigan unhas mesmas finalidades específicas, estean dirixidos a explotacións agrarias que compartan a mesma tipoloxía, zona rural ou outras circunstancias, ou teñan o mesmo financiamento ou normativa específica de regulación. Os contratos dun mesmo tipo terán contidos comúns, sen prexuízo de que cada un poida incorporar os elementos precisos de axuste á situación e potencialidades propias de cada explotación.

2. Na definición do contido do contrato territorial, as comunidades autónomas considerarán, cando menos, os seguintes elementos:

- a) O seu código autonómico de rexistro, con identificación, de ser o caso, do tipo de contrato territorial.
- b) A Administración subscriptora.
- c) A identificación do titular ou titulares beneficiarios.
- d) A identificación territorial, incluída a referencia catastral, da totalidade ou da parte da explotación acollida, a súa superficie, total e por usos do solo segundo clasificación compatible con SIOSE (sistema de información de ocupación do solo en España) e Eurostat.
- e) As finalidades específicas do contrato.
- f) A súa duración.
- g) Os compromisos que ten que cumprir na explotación agraria o beneficiario.
- h) As contraprestacións que a Administración subscriptora se compromete a lle outorgar ao beneficiario.
- i) As liñas de financiamento e, de ser o caso, a norma ou normas reguladoras do contrato.
- j) As modalidades de control, seguimento e avaliación e a minoración ou perda das contraprestacións en función do grao de incumprimento dos compromisos.
- k) As incompatibilidades.
- l) O réxime de prórrogas, modificacións, subrogacións, resolución e extinción.
- m) O réxime xurídico do contrato e, cando proceda, a xurisdición ou arbitraje a que en caso de conflito se someten as partes.

#### Artigo 5. *Beneficiarios dos contratos.*

1. Poderán subscribir contratos territoriais:

- a) Os titulares das explotacións agrarias a que se refire o artigo 2 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, incluídas as persoas físicas que posúan a titularidade compartida, sempre que actúen solidariamente e se encontren inscritas no rexistro autonómico correspondente.
- b) Os titulares da xestión e do aproveitamento de montes ou terreos forestais.
- c) Os titulares de terreos cinxéticos.
- d) As agrupacións e asociacións de titulares, as comunidades de bens e calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado dos tipos a), b) e c) anteriores que poidan levar a cabo os compromisos do contrato.

2. No caso dos beneficiarios do tipo d) do número anterior que carezan de personalidade xurídica, tanto na súa solicitude como na formalización do contrato territorial deberanse especificar os compromisos adquiridos por cada membro da agrupación, así como a contraprestación da Administración que a cada un lle corresponda, e a súa resposta individual ou solidaria en caso de incumprimento.

3. Para poder subscribir contratos territoriais, os interesados deben solicitalo previamente na forma prevista nas convocatorias ou procedementos que as comunidades autónomas realicen para o efecto e, de ser o caso, acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos nas correspondentes bases ou normas reguladoras.

4. Os que se encontren inhabilitados en firme para recibir subvencións das administracións públicas non poderán subscribir contratos territoriais. Se tal inhabilitación se producise durante a vixencia do contrato, este pasará a se considerar nulo desde o momento da inhabilitación para todos os efectos, con perda desde ese momento do dereito a percibir as contraprestacións pactadas.

Artigo 6. *Duración, compromisos e contraprestacións do contrato.*

1. A duración do contrato territorial deberá ser apropiada á consecución das finalidades específicas que en cada caso teña establecidos. Cando o seu cumprimento requira a adopción de compromisos plurianuais a medio ou longo prazo, procurarase o seu establecemento polo maior período de vixencia que resulte compatible coa normativa e programación orzamentarias e, de ser o caso, coa normativa específica do seu marco de financiamento.

2. Os compromisos do beneficiario serán coherentes coas finalidades específicas asignadas ao contrato territorial, referiranse ás actividades que se van realizar na explotación agraria acollida e estarán adaptados ás características e potencialidades individuais da explotación.

3. Previamente á subscripción do contrato territorial, e especialmente nos de carácter individual, a Administración competente poderá realizar, ou ben requirir o titular para que o achegue coa súa solicitude, un diagnóstico da situación da explotación e da súa capacidade para xerar externalidades positivas que permita a asignación de finalidades específicas e a definición dos compromisos e as contraprestacións aplicables ao caso.

4. O contrato territorial reflectirá os compromisos que vai cumprir o beneficiario, expresados de forma determinada e concreta nos seus aspectos cualitativos e cuantitativos, de xeito que o seu contido resulte comprensible e inequívoco para o titular e o seu cumprimento resulte obxectivamente verificable pola Administración responsable do control.

5. Os contratos territoriais que se subscriban e afecten en todo ou en parte espazos da Rede Natura 2000 ou outros espazos ou áreas protexidas conterán compromisos conformes co seu instrumento de xestión e apropiados ao logro dos obxectivos de conservación que eses espazos teñan establecidos.

6. A subscripción e o cumprimento dos compromisos do contrato daranlle dereito ao beneficiario a percibir as contraprestacións determinadas neste, así como a se beneficiar das preferencias e prioridades que legalmente lle sexan aplicables.

7. As contraprestacións que a Administración subscriptora se comprometa a lle outorgar ao beneficiario do contrato serán adecuadas para compensar os efectos negativos sobre a economía da explotación que deriven do cumprimento dos compromisos adoptados, e poderase engadir, a criterio da Administración subscriptora:

- a) Un incentivo para estimular a implantación dos contratos no territorio e facilitar o logro das súas finalidades específicas.
- b) Un diferencial no dito incentivo en función da priorización por tipos de beneficiarios que realice a comunidade autónoma segundo o artigo seguinte e
- c) Un compoñente para a remuneración das externalidades positivas xeradas.

8. As referidas contraprestacións poderán ser de natureza económica ou ben, a criterio da Administración subscriptora, se poderán outorgar en especie mediante a realización por esa Administración, en beneficio da explotación, de investimentos materiais ou inmateriais, de entrega de bens, ou prestación de servizos ou asistencia técnica. Así mesmo, a criterio da Administración competente, poderanse empregar co mesmo fin exencións e bonificacións fiscais, ou calquera outro tipo de beneficio ou prioridade que estea legalmente establecido para o efecto.

Artigo 7. *Prioridades entre beneficiarios para a subscripción dos contratos e niveis de incentivo.*

1. As comunidades autónomas determinarán nas súas bases ou normas reguladoras dos contratos territoriais os réximes de prioridade para a súa subscripción en función do tipo de beneficiario e, de ser o caso, os niveis de incentivo aplicables.

2. Para a determinación desas prioridades, as comunidades autónomas terán en conta polo menos:

- a) Os titulares de explotacións prioritarias da Lei 19/1995, do 4 de xullo.
- b) As persoas coa condición de agricultor profesional definida na Lei 19/1995, do 4 de xullo, e as persoas coa condición de profesional da agricultura definidas na Lei 45/2007, do 13 de decembro, particularmente cando resulten titulares de explotacións territoriais definidas no artigo 16, números 3 e 4 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, ou ben de explotacións cualificadas e rexistradas como ecolóxicas ou de explotacións incluídas en espazos da Rede Natura 2000. Nestes dous últimos casos, o nivel de prioridade graduarase en función da parte da explotación obxecto do contrato que está efectivamente cualificada como «ecolóxica», ou que estea efectivamente incluída en espazos da Rede Natura 2000.
- c) As mulleres, e as persoas titulares ou cotitulares que teñan a condición de agricultor mozo segundo a Lei 19/1995, do 4 de xullo.
- d) As cooperativas, sociedades agrarias de transformación e empresas agrarias de economía social.
- e) As explotacións en réxime de titularidade compartida.

#### Artigo 8. *Procedemento para a subscripción dos contratos.*

1. Para aplicar os contratos territoriais no seu territorio, as comunidades autónomas aprobarán as correspondentes bases ou normas reguladoras e, se for o caso, realizarán e resolverán as oportunas convocatorias.

2. Estas bases ou normas reguladoras serán publicadas no diario oficial da comunidade autónoma e conterán, cando menos:

- a) As finalidades perseguidas.
- b) O ámbito territorial e o tipo de explotacións agrarias a que os contratos van dirixidos.
- c) Os requisitos que deben reunir os beneficiarios.
- d) Os criterios obxectivos e o procedemento para a selección dos beneficiarios e a subscripción do contrato.
- e) A natureza dos compromisos que vai adoptar o titular da explotación e os criterios para a súa determinación en cada explotación.
- f) A natureza das contraprestacións que se van outorgar ao beneficiario e os criterios para a súa determinación.
- g) O sistema de verificación e control do cumprimento dos compromisos e o réxime aplicable en caso do seu incumprimento.
- h) O réxime de incompatibilidades.
- i) O réxime de prórrogas, modificación, subrogación, resolución e extinción dos contratos.

3. Cando as contraprestacións incluídas nos contratos teñan a natureza dunha subvención, as bases reguladoras tamén incorporarán os elementos requiridos pola normativa estatal básica para esa materia.

#### Artigo 9. *Informe anual nacional do estado de aplicación do contrato territorial.*

1. As comunidades autónomas manterán un sistema apropiado de xestión da información asociada aos contratos territoriais vixentes nos seus territorios e remitiranlle anualmente ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño a información precisa para a elaboración dun informe anual nacional do estado de aplicación do contrato territorial, dentro do primeiro cuadrimestre do seguinte ano natural.

2. Nese informe, os datos organizaranse por comunidades autónomas, diferenciando, de ser o caso, dentro de cada unha os diferentes tipos de contrato

existentes no ano de referencia. Para cada comunidade e, se for o caso, para cada tipo de contrato, facilitarase información relativa polo menos:

- a) Á Administración que o subscribe.
- b) Á denominación do tipo de contrato.
- c) Ao territorio de aplicación.
- d) Á duración.
- e) Á norma reguladora.
- f) Ao financiamento.
- g) Ás finalidades específicas do contrato, en coherencia coas do artigo 3.3.
- h) Ao resumo dos compromisos xerais ou específicos dos beneficiarios.
- i) Ás contraprestacións económicas ou doutra natureza aplicadas.
- j) Ao número de contratos: ao principio, altas, baixas e ao final do período anual.
- k) Ao número de contratos clasificados por tipos de beneficiario, diferenciando polo menos os tipos sinalados polo artigo 7.2
  - l) Á superficie acollida: ao principio, altas, baixas e ao final do período anual.
  - m) Á superficie acollida clasificada por tipos de beneficiarios, diferenciando os tipos sinalados polo artigo 7.2, ao final do período anual.
  - n) Á superficie acollida clasificada por tipos de usos do solo, segundo tipoloxía compatible con SIOSE e Eurostat, ao final do período anual.
  - o) Á superficie acollida en zonas rurais do Programa de desenvolvemento rural sustentable, en espazos da Rede Natura 2000, ou noutros espazos ou áreas protexidas, ao final do período anual.
  - p) Ao gasto público derivado, total e por ente financiador.
  - q) Á porcentaxe de contratos con incumprimento detectado e ás reducións nas contraprestacións económicas aplicables.
  - r) Á avaliación dos efectos e das externalidades conseguidas co contrato.

3. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño porá á disposición do público os informes anuais nacionais do estado de aplicación do contrato territorial que elabore a partir dos datos facilitados polas comunidades autónomas.

4. O Consello para o Medio Rural poderá adoptar criterios comúns para orientar a obtención e comunicación polas comunidades autónomas da información relativa aos contratos territoriais, así como dos formatos aplicables ao informe anual.

5. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá subscribir convenios de colaboración coas comunidades autónomas para mellorar o nivel da avaliación dos efectos e externalidades derivadas dos contratos territoriais.

## CAPÍTULO II

### Contratos territoriais de zona rural

Artigo 10. *Definición e ámbito de aplicación.*

Os contratos territoriais de zona rural previstos no artigo 16.2 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, son contratos territoriais que se enmarcan no Programa de desenvolvemento rural sustentable aprobado polo Goberno da Nación en aplicación da dita lei, e teñen por ámbito territorial específico as zonas rurais incluídas no dito programa por iniciativa das comunidades autónomas.

Artigo 11. *Réxime.*

1. Aos contratos territoriais de zona rural seranlles de aplicación as disposicións xerais aplicables aos contratos territoriais contidas no capítulo I deste real decreto, así como as específicas sinaladas neste capítulo. Non se poderán considerar contratos territoriais de zona rural os que non cumpran algunha destas disposicións xerais ou específicas.

2. Os contratos territoriais de zona rural deben ser específicos para cada zona, en función das súas peculiares características e das orientacións que se poidan dar ás súas explotacións para reforzar a sustentabilidade do territorio, especialmente no que se refire aos seus aspectos ambientais e sociais.

3. O contido dos contratos territoriais de zona rural será conforme coas disposicións aplicables contidas no Programa de desenvolvemento rural sustentable, así como coas determinacións das directrices estratéxicas territoriais de ordenación rural da comunidade autónoma, en caso de que existan. As súas principais finalidades e compromisos débense encontrar previstos nos plans de zona rural aprobados polas comunidades autónomas que fosen concertados entre estas e a Administración xeral do Estado.

4. Os compromisos dos contratos territoriais de zona rural deben ser diferentes e encontrarse perfectamente delimitados doutros compromisos que xa puidesen estar previstos e financiados por fondos comunitarios.

5. Os contratos territoriais de zona rural serán financiados ao 50 por cento pola Administración xeral do Estado, de conformidade co convenio de colaboración suscrito para o efecto con cada comunidade autónoma, e dentro dos límites orzamentarios sinalados no dito convenio.

#### Artigo 12. *Prioridades.*

A subscrición de contratos territoriais de zona rural será requisito necesario para que os titulares das explotacións agrarias se poidan beneficiar das preferencias e prioridades establecidas no artigo 16.1 da Lei 45/2007, do 13 de decembro.

Disposición transitoria única. *Contratos territoriais de explotación enmarcados nos programas de desenvolvemento rural.*

Os contratos territoriais de explotación ou acordos equivalentes subscritos entre as administracións competentes e os titulares de explotacións agrarias que se enmarquen nos programas de desenvolvemento rural das comunidades autónomas manterán as súas características e efectividade, de acordo coa normativa autonómica que os regula.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ROSA AGUILAR RIVERO